

Mércores, 30 de agosto de 2017

Núm. 166

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIGO

##### Contratos administrativos

*CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA INSTALACIÓNS DE AQS E CALEFACCIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES*

*CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES*

**1. Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Deportes. Nº expediente: 1.145-611.

**2. Obxecto do contrato:** o subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes

División por lotes e número de lotes: Non.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 3 anos. Prórroga: non

### 3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

**4. Presuposto base:** 177.049,47.- euros. IVE a soportar pola administración: 37.180,39 euros.- Orzamento total: 214.229,86 euros.

**5. Garantías esixidas.** a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non se esixe

**6. Obtención da documentación e información:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

**7. Requisitos específicos do contratista:** a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume

Código seguro de verificación: 9WK5HU8YUKJOD75W



Mércores, 30 de agosto de 2017

Núm. 166

de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación das principais subministracións similares ó obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministros por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

**8. Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará o 27 de setembro de 2017.

Documentación: a esixida na cláusula 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei núm 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

**9. Apertura Ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

**10. Outras informacións:**

**11. Páxina web para obtención de información:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

BBR/la

Vigo, 17 de agosto de 2017.

O concelleiro delegado de Contratación

P.D. (Decreto 19-06-2015 e Acordo 19-06-2015)

David Regades Fernández

